

Memoria das actividades do

# IMELGA

Instituto de Medicina Legal de Galicia - 2024



## ÍNDICE

PRESENTACIÓN e DATOS XERAIS	3
SERVIZO DE CLÍNICA FORENSE	6
Pericia médica xudicial	8
Pericia psicosocial	13
Violencia sobre a muller	17
SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE	21
Distribución de mortes investigadas segundo a etioloxía	23
Mortes naturais	25
Mortes violentas	27
Mortes por accidente de tráfico	29
Morte suicida	31
OUTRAS ACTUACIÓNS PERCIAIS	33
Asistencia a xuízo oral	
Actividades de garda	
DIXITALIZACIÓN E NOVAS TECNOLOXÍAS	35
PROXECTOS DE INNOVACIÓN	36
COLABORACIÓNS INTER-INSTITUCIONAIS	36
ACTIVIDADE DOCENTE E DE INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA	37
EN RESUMO	41



## Presentación e datos xeráis

Os datos utilizados na elaboración desta Memoria da actividade do Imelga no ano 2024 obtivéronse do sistema operativo Simelga e a información achegada polos responsables dos diferentes servizos do Imelga, a Comisión de Formación e Investigación e os subdirectores e a dirección deste Instituto.

O Imelga, nas súas funcións técnicas como órgano ao servizo da Administración de xustiza, recibiu un total de **33.967** solicitudes durante o ano 2024, e emitiu **27.188** informes definitivos.

Isto supón un aumento do **34,4%** das solicitudes respecto ao ano anterior. **A subdirección que máis medrou na demanda de pericias este ano foi a de Santiago de Compostela**, cun aumento do **68,5%** nas solicitudes.

Para a realización dos informes periciais é necesario realizar entrevistas presenciais previas **no ámbito da clínica forense**. Tendo en conta que as solicitudes de garda non se citan, citouse a un total de **23.645** persoas, con **19.232** destas entrevistas realizadas polos médicos forenses e **4.413** polos membros dos equipos psicosociais. Contabilizáronse un total de **530** incomparencias ás mesmas.

Dentro da actividade pericial, **a pericia médica xudicial** segue a ter o maior peso no noso instituto, con **30.109** solicitudes e **25.264** informes definitivos. Dentro desta, a do Servizo de Clínica médica, con **26.530** solicitudes, reflicte un **incremento** global do **23,38%** da demanda respecto ao ano pasado.

A maior demanda neste servizo continúa a ser no ámbito da psiquiatría forense, no que recibimos **14.432** solicitudes, medrando un **15%** respecto ao ano anterior.

É salientable durante o ano 2024 o incremento das actuacións en clínica forense relacionadas coa violencia sexual, **asistindo a un 28% más de vítimas adultas** e recibindo un **67%** máis de solicitudes de valoración de **dano psíquico**.

No caso dos menores, a **realización de probas preconstituidas** **duplicouse** en todo o noso territorio respecto ao ano anterior.

Respecto á **pericial do Servizo de Patoloxía**, ao longo do ano 2024 adquiriu unha relevancia social especial pola posta en funcionamento, dentro do noso sistema operativo Simelga, do Libro de autopsias dixital e a robotización do intercambio de datos co INE en cumprimento da nosa obriga regulamentaria.

Neste ámbito realizáronse **3.579** actuacións, pero non se tiveron en conta para o cálculo do aumento das solicitudes, posto que a demanda non depende dos xulgados, fiscalías e tribunais.



Destes **2.008** corresponden a práctica de autopsias ou recoñecementos de cadáver no contexto da investigación da morte xudicial.

Estes datos, obtidos das investigacións das mortes xudiciais, teñen interese ademais para outras entidades públicas coas que colaboramos na prevención, protección e mellora da saúde dos cidadáns aos que damos servizo. O modo do uso destes datos tamén se relata nesta memoria.

### **Actividade segundo ámbito pericial:**

	SERVIZO CLÍNICA			SERVIZO PATOLOXÍA	TOTAIS
	PERICIA CLÍNICA MÉDICA	PERICIA PSICOSOCIAL	PERICIA EXTRAXUDICIAL		
SOLICITUDES RECIBIDAS	<b>26.530</b>	<b>2.838</b>	<b>1.020</b>	<b>3.579</b>	<b>33.967</b>
INFORMES EMITIDOS	<b>22.890</b>	<b>965</b>	<b>959</b>	<b>2.374</b>	<b>27.188</b>

A distribución destes datos amosa o reparto da demanda dos xulgados e a carga de traballo segundo ámbito pericial. Así, a demanda de pericia médico forense supón un total do **91,6%**, distribuída da seguinte forma: **78,1%** clínica médica forense xudicial, **10,5%** patoloxía forense e **3%** pericia extraxudicial. A pericia psicosocial, pola súa parte, supón o restante **8,4%**.

### **Actividade total por subdirección:**


Esta distribución amosa a carga de traballo de cada subdirección na demanda pericial, é dicir, no número de solicitudes recibidas, e a eficiencia da resolución, no número de informes definitivos emitidos.

Sinalar que o rexistro das solicitudes, a tramitación, as emisión das citacións aos peritados e o envío dos informes aos órganos solicitantes corresponde aos funcionarios dos corpos xerais que forman parte das nosas oficinas nas sedes das Subdireccións, polo que o seguinte gráfico amosa tamén a carga de traballo que ten.

A subdirección máis demandada é a de Vigo, con case 1.000 solicitudes máis que a seguinte, que é a de Santiago, e que supón o 20,2% da demanda. As subdireccións de Santiago e A Coruña representan case un 17% e un 16%, respectivamente. Séguenlle as de Ourense, Lugo e Pontevedra neste orde, entre o 14 e 13%, e finalmente a de Ferrol, co 6% da demanda, o que se corresponde neste último caso coa distribución territorial desta, pois da servizo a dous partidos xudiciais.



No seguinte gráfico amósase o balance da carga de traballo e a eficiencia na resposta das subdireccións do Imelga ao longo do 2024.



O incremento de solicitudes respecto ao ano anterior atópase ao redor do 30% de media, entre o **26%** de Ferrol e o **38%** de Ourense, excepto na **Subdirección de Santiago**, na que se incrementou un **54%** a demanda.

A subdirección que máis medrou na resolución de asuntos fronte ao ano anterior foi a de **A Coruña** cun aumento do **65%**. Compre sinalar que as subdireccións de Ourense, Santiago e Vigo elevaron un **50%** a capacidade de resposta grazas a identificación do incremento que se estaba a producir e a posta en marcha de medidas para afrontalo.

Ademais da actividade pericial, o noso Instituto realiza funcións relacionadas coa docencia, investigación e colaboración con outras institucións públicas.

Na súa labor, desenvolve estratexias de dixitalización e innovación coa finalidade de mellorar a execución de procesos no ámbito xudicial e favorecer o acercamento da xustiza aos particulares.

Nesta memoria relátanse todas estas actividades.




## Servizo de Clínica forense

O **Servizo de Clínica Forense**, pola súa banda, abarca todas as pericias médicas, xudiciais e extraxudiciais e as dos equipos psicosociais (psicolóxicas ou de traballo social) que son demandadas por xuíces, tribunais e fiscalías.

### Datos globais do servizo:

No seguinte cadro pode verse a distribución da **actividade do Servizo de Clínica Forense por subdirección no ano 2024**:



### Periciais extrajudiciais:

As **periciais extrajudiciais** realizanse a solicitude de particulares no contexto das lesións derivadas dos accidentes de tráfico, segundo o establecido no Real decreto 1148/2015.

A **actividade no ano 2024** neste campo supón un **3,3%** do total da actividade do IMELGA, e distribúese deste xeito:

- solicitáronse **1.020** pericias extrajudiciais,
- rexeitáronse un **10,7%**, 109 en total,
- das **911** que foron admitidas,
- emitíronse **959** informes definitivos.



## Periciais xudiciais de clínica forense:

Comprenden as periciais médicas e psicosociais solicitadas polos órganos xudiciais.

Recibimos **29.368** solicitudes e emitíronse **23.864** informes definitivos polos médicos forenses, psicólogos e traballadores sociais do Imelga.

No seguinte cadro amósase a distribución da actividade do servizo de clínica por tipo de pericia durante o ano 2024:

PERICIA CLÍNICA XUDICIAL 2024		
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES RECIBIDAS	INFORMES EMITIDOS
Agresión sexual	<b>543</b>	<b>431</b>
Determinación de idade	<b>13</b>	<b>12</b>
Interconsulta de dano corporal	<b>201</b>	<b>162</b>
Interconsulta IANUS	<b>63</b>	<b>38</b>
Interconsulta psicológica	<b>25</b>	<b>26</b>
Interconsulta social	<b>8</b>	<b>9</b>
Negligencias médicas	<b>59</b>	<b>53</b>
Outros	<b>630</b>	<b>328</b>
Probas preconstituidas	<b>349</b>	
Recollida de mostras	<b>234</b>	<b>139</b>
Valoración da capacidade psicofísica	<b>625</b>	<b>506</b>
Valoración de dano corporal	<b>9.208</b>	<b>8.454</b>
Valoración de violencia de xénero	<b>310</b>	<b>299</b>
Valoración do Xulgado do social	<b>212</b>	<b>186</b>
Valoración psicológica	<b>340</b>	<b>320</b>
Valoración psicosocial	<b>1989</b>	<b>522</b>
Valoración psiquiátrica	<b>14.432</b>	<b>12.282</b>
Valoración social	<b>127</b>	<b>88</b>
<b>TOTAL</b>	<b>29.368</b>	<b>23.855</b>

O balance supón a **resolución do 81,25%** das solicitudes recibidas, tendo en conta que no 18,75% restante están as incomparencias as entrevistas, os casos pendentes de documentación ou probas complementarias solicitadas, así como aqueles lesionados que están áinda a tratamento médico polo que non se pode emitir o informe de sanidade.



Como nos anos anteriores, o ámbito da **psiquiatría forense** continúa a ser o que máis actividade supón, o **49,1% das solicitudes e 51,5% dos informes definitivos**.

Estas cifras supuxeron un reto no 2024 para o que tivemos que adoitar unha serie de medidas que se expoñen no capítulo correspondente.

## Pericia médica xudicial

A pericia médica segue a ser a principal no seo do Imelga, fronte a pericia psicosocial. Son os médicos forenses os más demandados polos órganos xudiciais e fiscalías.

Divídese principalmente en dúas áreas; unha de **avaliación de dano corporal**, é dicir, a avaliación de lesións, e outra de **psiquiatría forense**.

Inclúense tamén na clínica médica periciais nalgúns **campos específicos, coma a valoración da praxe profesional médica ou a determinación de idade**.

A pericia médica xudicial, cun total de **26.530** pericias solicitadas, representa o **87,3%** da demanda pericial médica.


A distribución do traballo de **pericia médica xudicial** amósase nos seguintes cadros:

2024: PERICIA CLÍNICA MÉDICA XUDICIAL		
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES	INFORMES DEFINITIVOS
Agresión sexual	543	431
Determinación de idade	13	12
Interconsulta IANUS	63	38
Neglixencias médicas	59	53
Outros	630	328
Recollida de mostras	234	139
Valoración da capacidade psicofísica	625	506
Valoración de dano corporal	9.409	8.454
Valoración de violencia de xénero	310	299
Valoración do Xulgado do social	212	186
Valoración psiquiátrica	14.432	12.282
<b>TOTAL</b>	<b>26.530</b>	<b>22.890</b>



Destas solicitudes **22.890** foron resoltas, é dicir, un **86%**, tendo en conta que os informes emitidos e as non asistencias supoñen o final de cada pericia.

#### **Distribución da demanda de pericia médica por subdireccións:**



Neste ámbito a demanda aumentou ata o **24% respecto o ano anterior**, sendo máis elevada na **Subdirección de Santiago**, onde a demanda subiu un **40%** e na **Subdirección de Ourense**, cun aumento do **31%**, centrado nesta última nas **1.266 solicitudes recibidas de medidas de apoio**.

Sen embargo, a Subdirección de Ourense amosou unha adecuación na resposta elevando a súa emisión de informes definitivos ata un **41%**.

#### **Valoración de dano corporal:**

Dentro da pericia médica xudicial, no campo da **valoración do dano corporal** **solicitáronse 9.409 pericias**, o que representa o **35,5%** da pericia médica.

As solicitudes deste tipo de pericia **medraron un 33% respecto ao ano anterior**.

Emitíronse **8.598 informes definitivos**, incrementando un **28% o número de informes emitidos respecto ao ano anterior**, o que é axeitado ao incremento da demanda.




A distribución por tipo de pericia amosase neste cadro:

<b>IMELGA 2024 DANO CORPORAL</b> <b>Distribución por tipo pericia</b>	<b>SOLICITUDES</b>	<b>INFORMES DEFINITIVOS</b>
Agresión ordinaria	<b>6.477</b>	<b>6.022</b>
Agresión violencia sobre a muller	<b>1.220</b>	<b>1.053</b>
Lesión tráfico	<b>646</b>	<b>566</b>
Agresión a Forzas e Corpos de Seguridade do Estado	<b>476</b>	<b>413</b>
Agresión violencia intrafamiliar	<b>345</b>	<b>320</b>
Accidente laboral	<b>147</b>	<b>120</b>
Lesión fortuita	<b>53</b>	<b>49</b>
Agresión en detidos	<b>43</b>	<b>40</b>
Outros	<b>2</b>	<b>0</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>9.409</b>	<b>8.583</b>

A pericia más solicitada foi a relacionada coa **agresión ordinaria**.

Resolvéronse o **91% das solicitudes**, coa emisión do seu informe definitivo. A distribución da emisión de informes definitivos por subdirección amósase nesta gráfica:



Como nos últimos anos, a **valoración de dano corporal** ten unha distribución predominante no territorio das **subdireccións da Coruña e Vigo**.



## Psiquiatria forense:

Mais da metade das solicitudes recibidas no 2024, concretamente o **54,4%**, están relacionadas co **campo da psiquiatria forense**, un total de **14.432** pericias, distribuídas segundo tipo de pericia do seguinte modo:

<b>IMELGA 2024: PSIQUIATRÍA FORENSE: Distribución por tipo de pericia</b>		
<b>TIPO DE PERICIA</b>	<b>SOLICITUDES</b>	<b>INFORMES DEFINITIVOS</b>
Control de medidas de seguridade e seguimento de tratamiento	<b>183</b>	<b>139</b>
Dano psíquico	<b>218</b>	<b>165</b>
Determinación de drogas	<b>722</b>	<b>520</b>
Imputabilidade	<b>1.652</b>	<b>1.244</b>
Interconsulta diagnóstica	<b>4</b>	<b>4</b>
Internamentos involuntarios psiquiátricos	<b>3.064</b>	<b>2.823</b>
Internamentos residenciais involuntarios	<b>3.159</b>	<b>2.883</b>
Medidas de apoio	<b>5.192</b>	<b>4.314</b>
Outros	<b>220</b>	<b>172</b>
Recoñecemento de detidos	<b>18</b>	<b>18</b>
<b>TOTAL</b>	<b>14.432</b>	<b>12.282</b>


As **solicitudes no ámbito da psiquiatria forense aumentaron** un **15%** respecto o ano pasado.

É salientable o incremento de solicitudes de **valoración do dano psíquico**, que **medraron** un **67%** respecto o ano anterior, sendo as de maior crecimiento do ámbito da psiquiatria forense, presentando así mesmo **un aumento concordante da resolución destes asuntos**.

No **85%** delas emitouse informe definitivo.

Para amosar a carga de traballo e o nivel de resposta se expón esta gráfica:





Case o 80% das solicitudes nesta área se concentran nas **medidas de apoio** e os **internamentos psiquiátricos**, polo que un ano máis continúan a ser os que maior carga de traballo supón na área de clínica médica xudicial.

A distribución das solicitudes deste tipo de pericias por subdirección, exposto no seguinte gráfico, amosa o elevado número das presentadas:

TIPO DE PERICIA	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAIS
Internamentos involuntarios psiquiátricos	404	166	303	215	370	731	865	3.054
Internamentos residenciais involuntarios	181	137	608	739	291	536	667	3.159
Medidas de apoio	487	397	868	1.266	458	861	855	5.192
<b>TOTAIS</b>	<b>1.072</b>	<b>700</b>	<b>1.779</b>	<b>2.220</b>	<b>1.119</b>	<b>2.128</b>	<b>2.387</b>	<b>11.405</b>

A solicitude das pericias de medidas de apoio e de internamentos residenciais na **Subdirección de Ourense** supera ao resto das subdireccións como en anos anteriores, debido a maior taxa de prazas residenciais neses territorios ademais de ter a poboación mais envellecida.



A identificación do aumento progresivo das solicitudes neste área, cun **20%** respecto ao ano anterior, e a necesidade de resolver os casos a maior brevidade posible, precisou reforzar o persoal médico forense nas subdireccións con máis carga de traballo neste campo, e así **se alcanzou a resolución do 69,4% dos casos ao finalizar o ano 2024.**

A valoración pericial psiquiátrica na vía penal, derivada da valoración de estados mentais patolóxicos que poidan influír na capacidade do acusado de comprender e obrar no momento da comisión do acto delitioso, supón un **11,4%**, mentres que a determinación de drogas, asociada ou non ao anterior, comprende o **5%** das solicitudes.

Para a emisión deste tipo de informes precisase, ademais da entrevista, a realización da toma de mostras e a remisión aos laboratorios de referencia que fan os análise complementarios necesarios para alcanzar as conclusións médico legais.

Recolléronse **717** mostras neste ámbito, o **82%** do total de mostras.

Os datos relacionados coas periciais de agresión sexual analízanse no capítulo dedicado a violencia sobre a muller.

## Pericia Psicosocial

Desde o ano 2023 estamos a traballar no **Programa Barnahus do Consello de Europa**. Neste ámbito, no mes de **febreiro do 2024** acudimos as xornadas de traballo organizadas en Las Palmas xunto coa visita ao xulgado especializado en violencia sobre a infancia, situado na Cidade da Xustiza dessa cidade.



*Imaxe: Vista do edificio da Cidade da Xustiza de Las Palmas. Febreiro 2024.*




Destas xornadas obtivemos formación e información para acometer os cambios necesarios para mellorar a asistencia a estas vítimas vulnerables, xunto coas persoas con discapacidade necesitadas de medidas de apoio, e desenvolver o noso proxecto denominado '**Xustiza amable**'.

Neste contexto fíxose unha auditoría en todas as salas Gesell situadas nas sedes das subdireccións, e comezamos unha estratexia de mellora para a súa **transformación en salas Amables**.

Á finalización de 2024 as salas da Coruña e Santiago están axeitadas aos estándares tecnolóxicos cos medios prestados pola Amtega e coa dotación necesaria para favorecer a realización das entrevistas psicosociais ou as probas preconstituídas coa máxima confortabilidade para os nenos, nenas e adolescentes que teñen que permanecer nelas.

As salas de Pontevedra, Ourense, Lugo e Vigo foron avaliadas e comezouse o desenvolvemento das melloras que terá a súa continuidade ao longo do seguinte ano.



*Imaxes actuais da sala Amable da Subdirección de Santiago tras as medidas de mellora.*

Neste mesmo proxecto publicamos o **Protocolo de coordinación entre as Oficinas de Atención as Vítimas e os Equipos psicosociais para a proba preconstituída**, a disposición dos profesionais e o resto de operadores de xustiza na nosa intranet. Este tipo de actividade pericial está a ser realizada por parte dos equipos psicosociais, compostos cada un deles por un psicólogo e un traballador social.

A realización das **probas preconstituídas** vai medrando progresivamente. Neste ano realizáronse **349**, más do dobre que o ano **2023**, no que se fixeron **148**. A **subdirección de maior demanda é a da Coruña**, tal e como se amosa neste quadro:

PROBAS PRECONSTITUÍDAS POR SUBDIRECCIÓN	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
	96	20	64	27	37	47	58	349



A elevada cantidade de solicitudes recibidas neste ámbito e a consecución das mesmas nun tempo axeitado ao tipo de procedemento, fan necesario a xestión conxunta en colaboración cos órganos xudiciais na xestión das citacións.


Na pericia especializada, os psicólogos son os que actúan de xeito individual na valoración da credibilidade, mentres que na pericia das medidas de apoio a persoas con discapacidade quen o fan son os traballadores sociais.

Os **datos xerais da actividade dos equipos psicosociais** do ano 2024 son os seguintes:

PERICIA PSICOSOCIAL		
TIPO DE PERICIA	SOLICITUDES	INFORMES DEFINITIVOS
Pruebas preconstituidas	349	349
Valoración psicológica	340	320
Valoración psicosocial	1.989	522
Valoración social	127	88
Interconsulta psicológica	25	26
Interconsulta social	8	9
<b>TOTAL</b>	<b>2.838</b>	<b>1.314</b>

As solicitudes deste tipo de pericia **medraron das 886 no 2023 ata as 2.838 deste ano, triplicando así a demanda**, centrada fundamentalmente na pericia psicosocial nos casos de controversias de familia, que supón o **70%** da actividade destes equipos.

A **distribución porcentual das solicitudes por tipo de pericia dos equipos psicosociais pode verse neste gráfico:**



## Distribución da demanda de pericia psicosocial por tipo e subdirección 2024:

SUBDIRECCIÓN	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Totais
Valoración psicosocial	468	168	117	191	372	403	270	1.989
Valoración psicológica	41	13	53	37	32	116	48	340
Valoración social	0	0	1	8	6	99	13	127
Pruebas preconstituidas	96	20	64	27	37	47	58	349
Interconsulta psicológica	2	0	14	5	2	2	0	25
Interconsulta social	0	0	1	6	1	0	0	8
<b>TOTAIS</b>	<b>607</b>	<b>201</b>	<b>250</b>	<b>274</b>	<b>450</b>	<b>667</b>	<b>389</b>	<b>2.838</b>


A **valoración psicosocial** concéntrase nas **subdireccións da Coruña e Santiago**.

Na Subdirección da Coruña desenvólvense a maioría das probas preconstituidas do noso territorio.

A **Subdirección de Santiago ten a maior carga de traballo neste ámbito de todo o Imelga**, con **667** solicitudes, o que se achega a unha cuarta parte da demanda total, en concreto o **23,3%**. Nesta mesma área tamén se concentra a pericia especializada: na **valoración psicológica duplica** ao resto do territorio e concentra o **78% das solicitudes de pericia social**.

A eficiencia da resolución dos casos por subdirección amosa tamén a mellora da Subdirección de Santiago no ano 2024, no que se resolveu o retraso convxuntural acumulado nos últimos anos.

### INFORMES DEFINITIVOS POR SUBDIRECCIÓN 2024 Equipos psicosociais



## **Violencia sobre a muller**

A nosa actividade no ámbito da violencia sobre a muller céntrase en tres áreas con diferente abordaxe.

A **asistencia as vítimas de violencia sexual, 24/7 como actividade de garda**, con resposta inmediata e cuxa xestión requiriou o desenvolvemento e publicación neste ano dun protocolo de coordinación nos delitos contra a liberdade sexual en cumprimento da LO 10/2022, de 6 de setiembre, de garantía integral de la libertad sexual, aprobado polo Consello da Xunta e a disposición de todos os operadores xurídicos na nosa intranet.

A **valoración da violencia física no contexto da valoración de dano corporal**. A maioría das veces cunha resposta inmediata tras os feitos a solicitude dos xulgados especializados en violencia sobre a muller da Coruña e Vigo, ou dos xulgados con estas competencias no resto dos partidos xudiciais.

A **valoración integral da violencia de xénero**, polas unidades de valoración forense integral que comezaron a traballar en todas as subdireccións no ano 2023 en cumprimento do establecido no novo regulamento dos Institutos de Medicina Legal e coa finalidade de mellorar a asistencia a este tipo de vítimas.

Neste senso, **no mes de decembro**, os membros destas unidades multidisciplinares tiveron a súa **primeira reunión** para establecer grupos de traballo relacionados coa estandarización do informe pericial, a guía de boas prácticas e a metodoloxía de traballo.


Por outra banda, iniciamos o proceso para a solicitude de acceso ao **sistema vioxén** destes membros para continuar coa nosa colaboración interinstitucional neste ámbito.

O **resumo da actividade pericial** neste ámbito da violencia sobre a muller é o seguinte:

<b>VIOLENCIA SOBRE A MULLER 2024: Distribución por subdirección e tipo de valoración</b>			
<b>SUBDIRECCIÓN</b>	<b>VDC</b>	<b>VALORACIÓN INTEGRAL</b>	<b>TOTAIS</b>
A Coruña	<b>269</b>	<b>100</b>	<b>369</b>
Ferrol	<b>63</b>	<b>4</b>	<b>67</b>
Lugo	<b>149</b>	<b>18</b>	<b>167</b>
Ourense	<b>204</b>	<b>56</b>	<b>260</b>
Pontevedra	<b>174</b>	<b>33</b>	<b>207</b>
Santiago de Compostela	<b>163</b>	<b>32</b>	<b>195</b>
Vigo	<b>168</b>	<b>67</b>	<b>235</b>
<b>Total xeral</b>	<b>1.190</b>	<b>310</b>	<b>1.500</b>



Coa finalidade de aportar valor aos nosos datos, aplicamos a xeoreferenciación para a obtención dun **mapa da distribución das solicitudes de valoración de violencia de xénero por partidos xudiciais e subdireccións:**



A distribución permite coñecer as áreas de maior cantidade de denuncias por violencia de xénero que precisan valoración polo noso persoal.

Os casos denunciados concéntranse nas grandes cidades, sendo **o partido xudicial da Coruña no que hai unha maior demanda**. Hai que sinalar que só amosamos os casos que chegaron ao xulgado e nos que se solicitou a nosa intervención. Sen embargo, consideramos que amosar estes datos deste xeito poden ser útiles para todas as institucións coas que colaboramos na loita contra esta lacra social.

Outro dato útil é a **distribución por idade**, que mostra que **a incidencia é maior entre os 20 e os 50 anos**, sendo **as menores de 20 anos un 5%** do total dos casos.

A distribución por idades é a seguinte:

<20 años	<b>77</b>
21-30 años	<b>262</b>
31-40 años	<b>262</b>
41-50 años	<b>284</b>
51-60 años	<b>119</b>

A valoración destes casos medrou un **60%** nos casos de violencia física e triplicouse na valoración integral **respecto ao ano anterior**.

Estes datos indican que a mellora do abordaxe pericial especializado destes casos, axeitado ao aumento das denuncias supón un paso máis na protección destas vítimas.

No que se refire á **violencia sexual**, en termos xerais tivemos **un incremento da asistencia aos casos de agresión sexual** no Imelga dun **30%** respecto ao ano anterior.

Os nosos datos amosan, sen dúbida, que a **Subdirección de Vigo** concentra a maior cantidade de casos: **170**, cun aumento da demanda do **60%** respecto ao ano anterior.

<b>CASOS AGRESIÓN SEXUAL 2024: Distribución por subdirección</b>	
<b>SUBDIRECCIÓN</b>	<b>CASOS ATENDIDOS</b>
A Coruña	<b>92</b>
Ferrol	<b>19</b>
Lugo	<b>52</b>
Ourense	<b>75</b>
Pontevedra	<b>65</b>
Santiago	<b>70</b>
Vigo	<b>170</b>
<b>Total xeral</b>	<b>543</b>

<b>CASOS AGRESIÓN SEXUAL 2024: Distribución por idade</b>	
<20 anos	<b>166</b>
21-30 anos	<b>106</b>
31-40 anos	<b>56</b>
41-50 anos	<b>32</b>
51-60 anos	<b>19</b>
61-70 anos	<b>8</b>
71-80 anos	<b>2</b>
Non rexistrada	<b>154</b>
<b>Total xeral</b>	<b>543</b>




A distribución por idade amosa **unha elevada incidencia ata os 30 anos, cun pico nas menores dos 20.**

De todos eses casos, solicitáronse análises complementarios con recollida de ADN para cotexo cos perfís dos sospeitosos nun total de **157** deles.

De todos eles, **88 foron transformados en sumario** ao longo do 2024, precisando a intervención de dous médicos forenses.

Aplicando a xeoreferenciación dos nosos datos podemos aportar un **mapa da distribución da violencia sexual segundo os partidos xudiciais de orixe dos feitos:**



## Servizo de patoloxía forense


Ao **Servizo de Patoloxía Forense** correspónelle a actividade relacionada coa investigación médico-legal en todos os casos de morte violenta ou sospeitosa de criminalidade. Tamén atende as peticionés do Rexistro Civil en relación coa supervisión de certificados de defunción.

Como **datos globais do servizo**, no ano 2024 investigáronse **2.008** mortes, **1.006** violentas e **1.002** naturais. En relación con estas mortes emitíronse **1.463 informes de levantamento de cadáver**, **2** deles de **restos óseos**.

Practicáronse **1.364 autopsias**, **612 recoñecementos de cadáver**, intervimos en **25 casos de doazón de órganos** de mortos xudiciais e realizáronse **5 análises de antropoloxía forense** sobre restos óseos.

### TIPO DE ACTUACIÓNS PATOLOXÍA

■ Autopsia ■ Recoñecemento de cadáver ■ Doazón e transplante ■ Antropoloxía forense ■ Rexistro civil



Para documentar as investigacións de todas estas mortes, emitíronse un total de **2.374 informes**, entre definitivos e complementarios.

Toda esta actividade quedou recollida no aplicativo **Simelga** ao través da ferramenta '**Libro de autopsias dixital**' que entrou en funcionamento o 1 de xaneiro do 2024 vinculada ao '**Robot INE**', a plataforma de robotización de intercambio de datos con tecnoloxía de intelixencia artificial desenvolvida xunto coa Amtega, que permitiu informar ao INE directamente das mortes investigadas desde o noso aplicativo, evitando a duplicidade de rexistro previo, facendo máis efectivo o traballo pericial.



## Sala de autopsias da Cidade da Xustiza de Vigo

Neste ano púxose en funcionamento a sala de autopsias da Cidade da Xustiza de Vigo, a única do noso territorio situada nun edificio xudicial, e con niveis de bioseguridade III que permiten a protección tanto dos traballadores do Imelga como de todo o resto de profesionais ao servizo da xustiza.

Ten ademais os mellores medios técnicos existentes no mercado para facer o traballo nas mellores condicións técnicas e científicas.



Publicamos a **Guía sobre o procedemento forense para entregar aos familiares dunha persoa falecida nos supostos de morte xudicial. 2024**, coa finalidade de mellorar a comunicación coas familias e achegados dos falecidos xudiciais e facilitar a comprensión dos trámites xudiciais e médico legais nestes casos. Se distribuíron trípticos impresos desde a Dirección Xeral e adoitamos o **formato dixital** a disposición dos operadores de xustiza na nosa intranet e para o público en xeral na páxina da Consellería a que pertencemos, no seguinte enlace:

<https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/xustiza/imelga>

Así mesmo, o documento, a través **dun código QR**, pódese descargar nos dispositivos de garda dos médicos forenses, que poden por a disposición esta información aos familiares ou a outros intervintes no mesmo lugar do levantamento.

A continuación amosamos os datos específicos más relevantes deste ámbito da nosa actividade.



**Distribución xeral segundo as causas de morte:**

<b>SERVIZO DE PATOLOXÍA FORENSE - ANO 2024</b> <b>NÚMERO TOTAL DE MORTES INVESTIGADAS POR NATUREZA e ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL E CAUSA DE MORTE</b>				
<b>Nº MORTES INVESTIGADAS:</b> <b>2.008</b>				
<b>MORTE VIOLENTA</b> <b>1.006</b>				
ETIOLOXÍA LEGAL	MÉDICO	HOMICIDA	SUICIDA	ACCIDENTAL
		17	300	621
<b>CAUSA DA MORTE</b>		Accidente de tráfico		
		143		
		Aforcamento		
		149		
		Asfixia mecánica		
		70		
		Submersión		
		56		
		Caída		
		258		
		Precipitación		
		67		
		Lesión por arma de branca		
		25		
		Lesión por arma de fogo		
		12		
		Lesión térmica		
		16		
		Lesión eléctrica		
		2		
		Reacción adversa a drogas de abuso		
		44		
		Envenenamento		
		86		
		Traumatismos		
		41		
		Indeterminada		
		28		
		Pendentes de investigación		
<b>MORTE NATURAL</b>		<b>1.002</b>		
<b>CAUSA DA MORTE</b>		Patoloxía cardiovascular		
		745		
		Patoloxía dígestiva		
		46		
		Patoloxía endocrino e metabólica		
		12		
		Patoloxía xénito urinaria		
		2		
		Patoloxía hematolóxica		
		3		
		Patoloxía infecciosa		
		35		
		Patoloxía neonatal		
		3		
		Patoloxía neurolóxica		
		23		
		Patoloxía oncolóxica		
		32		
		Patoloxía respiratoria		
		38		
		Outras patoloxías		
		10		
		Indeterminadas		
		43		
		Pendentes de investigación		
		10		



Para amosar a **distribución do tipo de mortes investigadas en Galicia segundo tipo de morte e subdirección**, temos a seguinte táboa:

ETIOLOXÍA MÉDICO LEGAL	SUBDIRECCIÓN							TOTAIS
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	
Accidente	125	38	80	75	61	134	108	621
Homicidio	2	1	3	2	1	2	6	17
Suicidio	69	29	45	27	23	47	60	300
Morte natural	246	69	169	86	118	143	171	1.002
Non se puido determinar	1	1	4	4	2	5	6	23
Pendente de investigación	4	2		6	15	8	10	45
<b>Totais por subdirección</b>	<b>447</b>	<b>140</b>	<b>301</b>	<b>200</b>	<b>220</b>	<b>339</b>	<b>361</b>	<b>2.008</b>

A distribución de morte violenta sobre morte natural encontrase moi igualada este ano, cunha distribución de case o 50% en cada caso. **Cunha lixeira variación da tendencia dos últimos anos, temos 4 casos máis de morte violenta que natural.**

Para a investigación destas mortes é necesario en moitas ocasións a práctica de análises complementarios. No 2024 solicitáronse un total de **1.408**.

Do total de análise complementarios solicitados, **1.103** foron ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e ciencias forenses e **305** ao Laboratorio de Ciencias Forenses "Luis Concheiro" da Universidade de Santiago de Compostela.

As mortes pendentes de investigación son aquelas das que, no momento da publicación deste documento, non se recibiron os resultados destas análises.

**A distribución dos análise solicitados por subdirección amósase nesta táboa:**

ANÁLISES SOLICITADAS	SUBDIRECCIÓN							
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Total
Laboratorio INTeCCFF	319	9	4	109	119	78	465	1.103
Laboratorio USC	111	18	61		37	78		305
<b>TOTAL</b>	<b>430</b>	<b>27</b>	<b>65</b>	<b>109</b>	<b>156</b>	<b>156</b>	<b>465</b>	<b>1.408</b>




## Mortes naturais

Estas mortes estúdanse nos casos nos que a morte se presenta de forma rápida e inesperada, sen tempo a asistencia médica, polo que de xeito habitual estas mortes se derivan á investigación xudicial, aínda que non existan datos de sospeita de criminalidade.

Só unha parte destas mortes son finalmente consideradas cos criterios de morte súbita médico-legal: é dicir, aqueles casos de persoas sen antecedentes patolóxicos que xustifiquen tal acontecemento mortal, e que por esa razón se poden considerar mortes sospeitosas susceptibles de investigación xudicial.

Do total de mortes investigadas, un total de **1.002** foron xa consideradas **mortes naturais**.


No seguinte cadro podemos atopar a distribución dos casos investigados por subdirección:



No ano 2024 a investigación da causa deste tipo de mortes amosa resultados dos **tipos de patoloxías que as producen** semellantes aos dos anos anteriores:



## DISTRIBUCIÓN DAS CAUSAS DE MORTE NATURAL 2024



A **patoloxía más salientable segue a ser a cardiovascular, 745 mortes**, é dicir, representa un **74,35%** dos casos. Este dato ten correlación coa causa de morte natural certificada máis frecuente na poboación xeral.

Polo tanto, gran parte da nosa actividade se centra na investigación destas mortes naturais, que na maioría dos casos suceden en persoas enfermas, con ou sen tratamento, de cuxas patoloxías son coñecedores os servizos médicos asistenciais e, polo tanto, os responsables da emisión do certificado de defunción.

Un bo exemplo son os **32** casos **de patoloxía oncolóxica**, xa diagnosticada e tratada, polo que era coñecida polos servizos asistenciais no momento do falecemento da persoa. Facer pasar por un procedemento xudicial a estas familias está a contradicir os parámetros do código ético e deontolóxico da profesión médica.

Identificada a situación, e porque dedicamos tempo e recursos a investigar estas mortes, cando as nosas competencias se centran nas mortes violentas ou sospeitosas de criminalidade, traballamos co Servizo Público de Saúde Galego (Sergas) para evitar enviar estes decesos á investigación xudicial, sen razón xustificada, polos servizos asistenciais.

Como resultado desta colaboración, se publicou no mes de outubro o **Protocolo para a coordinación de actuacións nas defuncións e a súa certificación**, e a xeración dun documento normalizado para a comunicación das defuncións hospitalarias susceptibles de investigación xudicial.

Esperamos que o traballo acometido **supoña** unha mellora nos próximos anos, evitando así o paso polo medio xudicial de familiares de pacientes con patoloxías crónicas, e dimensionando a nosa capacidade de levar a cabo tamén actuacións dentro da ética médica desde a medicina forense.




## Mortes violentas

Investigáronse 1.006 mortes violentas: 17 de etioloxía homicida, 300 suicida e 621 de etioloxía accidental. O resto trátase de mortes pendentes de investigación, 45, e 23 delas consideráronse indeterminadas.

A distribución sobre o total de mortes violentas investigadas en todo o territorio durante o ano 2024 pódese ver no seguinte cadro:

**DISTRIBUCIÓN POR SUBDIRECCIÓN  
MORTE VIOLENTA 2024**

■ Accidente ■ Homicidio ■ Suicidio




Coma nos últimos anos, a **provincia da Coruña**, cun total **468**, é a que maior número de morte violentas investiga, mentres que a de Ourense, con **114**, é a que menos.

No seguinte esquema amósase a distribución porcentual dos tipos de mortes violentas investigadas durante o ano 2024 en todo o territorio da nosa comunidade autónoma de forma gráfica:




■ Suicidio ■ Accidente ■ Homicidio ■ Non se puido determinar ■ Pendente de investigación



### Distribución de mortes violentas por causa específicas:

#### DISTRIBUCIÓN DAS CAUSAS DE MORTE VIOLENTA 2024



Tanto en total coma en cada subdirección, o **grupo más importante de mortes violentas foron as accidentais**. Nesta etioloxía inclúense as mortes por accidentes de tráfico, os accidentes laborais e os fortuitos.

Polo que atinxo ao mecanismo da morte violenta, o máis frecuente é a **morte por caídas accidentais**, **258 casos**, o que supón máis dunha cuarta parte das mortes violentas so por esa causa, en concreto nun **25,6%** dos casos.



Seguen en importancia as asfixias mecánicas, cun **27,3 %** dos mecanismos mortais dos decesos por morte violenta. Dentro deste grupo, as más frecuentes son os aforcamentos suicidas, con **149** casos e os afogamentos, **56** en total, estes últimos xeralmente de carácter accidental.

Con todo a morte accidental diminuíu lixeiramente con respecto a anos anteriores, a **621 casos**, continuando a tendencia amosada en 2023, con **624** casos, e **663** casos do 2022.

Segue en importancia **o suicidio**, que **mellora as cifras respecto aos anos anteriores**, cunha cifra total de **300** casos.


E finalmente, a morte homicida, estable respecto ao ano anterior, con **17** casos. Ten a **maior cantidad de casos na Subdirección de Vigo**.

A distribución das **vítimas de homicidio por sexo** corresponde a **7 mulleres e 10 homes**. Destes o mecanismo **máis frecuente e o uso de arma branca**, en 4 casos de mulleres e 4 de homes.

## Mortes por accidente de tráfico

No que se refire ás mortes violentas por accidentes de tráfico, do total de mortes violentas, **143** foron debidas a accidentes de tráfico, o que supón o **14,2%** das mortes violentas. Elévanse así as cifras dos anos anteriores.

A continuación amosamos a distribución do tipo de vítimas neste gráfico:




Continuamos a aportar os resultados dos análise de tóxicos nos falecidos por accidente de tráfico a Dirección General de Tráfico (DGT) no marco do Convenio asinado no ano anterior. Neste senso estamos a mellorar o intercambio de datos facendo uso da plataforma de robotización desenvolvida pola Amtega.

Respecto á **distribución territorial** utilizamos a xeoreferenciación aos nosos datos para, deste modo amosar nunha visual a identificación dos *hot spot* ou zonas onde máis frecuentes son este tipo de mortes violentas, na súa distribución por partidos xudiciais.

Consideramos que a aplicación desta tecnoloxía pode ser útil para un estudo más pormenorizado si se aplica aos datos do lugar concreto de producción dos feitos. Esperamos poder aplicala no futuro no contexto do Convenio asinado coa DGT.

## Mapa da distribución xeográfica dos accidentes de tráfico en Galicia por partido xudicial e subdirección no ano 2024:



## Morte suicida


A análise deste tipo de morte ten importantes repercusións epidemiolóxicas pola capacidade que teñen os nosos datos para proporcionar información relevante e significativa. Estamos a participar no **Programa de prevención e postvención das condutas suicidas en Galicia, e tamén podemos intervir na protección da saúde mental en colaboración co Servizo Público de Saúde da nosa comunidade.**

Esta colaboración adopta un marco institucional coa creación do **Consello Interdepartamental de Coordinación para a Prevención e Atención das Condutas Suicidas** mediante o Decreto 21/2019, do 14 de febreiro, no que unha das vogalías lle corresponde ao Imelga, que comezou a súa intervención nel ao longo do 2023.

### Datos das mortes suicidas:

Investigáronse **300** mortes suicidas, o que supón o **30%** das mortes violentas e un **15%** de todas as mortes investigadas.

Nos seguintes gráficos reflíctense estes **datos por sexo e idade**:



O más frecuente é que sexan homes: un **70%**, fronte ao **30%** de mulleres.

Hai unha maior incidencia dos suicidios na **poboación adulta maior de 50 anos** respecto dos menores de 50.




O rango de idade máis frecuente sitúase **entre os 51 e os 60 anos**, que representan o **22,6%**, case un cuarto dos casos.

Tivemos **10** casos por encima dos 90 e **só 1 caso dun menor de 20 anos**, polo que **os nosos datos continúan a ser pouco concordantes coa alarma social** que indica o aumento da incidencia de suicidio na infancia e adolescencia.

A causa más frecuente continua a ser o **aforcamento (50% dos casos)**.

No mesmo senso que nas mortes por accidente de tráfico, amosamos os nosos datos da distribución xeográfica na nosa comunidade aplicando tecnoloxía de xeolocalización, para deste modo ofrecer unha visión da distribución segundo as áreas xeográficas, tendo en conta a distribución **segundo partidos xudiciais das nosas subdireccións**:



## OUTRAS ACTUACIÓN PERICIAIS

### Asistencia a xuizo oral

De todas as actuacións periciais pódese derivar a necesidade de comparecer a xuízo oral, o que require do tempo dos peritos, e non só para a mesma, senón tamén para a preparación do asunto, do cal se cadra emitiron o informe tempo atrás.

Recibíronse un total de **1.017** citacións para comparecer a xuízo oral, **678** para os médicos forenses e **339** para os membros dos equipos psicosociais.

Isto supón que un terzo das citacións, o **66,7%**, foron para os médicos forenses; un **17,8%** para os psicólogos; e o **15,5%** prestante para os traballadores sociais.

**A distribución das citacións por tipo de perito e Subdirección se amosa neste cadro:**

TIPO DE PERITO	SUBDIRECCIÓN								Totais
	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	Totais	
Médico Forense	48	80	38	37	290	50	135	678	
Psicólogo	22	23	8	12	53	32	31	181	
Traballador social	23	16	3	7	43	28	38	158	
<b>Total Subdirección</b>	<b>93</b>	<b>119</b>	<b>49</b>	<b>56</b>	<b>386</b>	<b>110</b>	<b>204</b>	<b>1.017</b>	

### Actividade de garda

Unha cantidade importante das actuacións dos médicos forenses, os únicos profesionais do Imelga que prestan servizo de garda, ten lugar no cumprimento da mesma, durante unha semana 24/7, ao servizo dos xulgados de instrución de cada partido xudicial da nosa comunidade autónoma. Algunhas delas exixen o desprazamento ao lugar dos feitos, fora das sedes xudiciais, como no caso dos levantamentos de cadáver e a asistencia as vítimas de violencia sexual.




A resposta que exixen estas actuacións é inmediata, tanto na actuación como a emisión dun informe ao xulgado de garda a maior brevidade posible.

Dentro das actividades de garda encóntranse no ámbito de clínica: a valoración e toma de mostras dos detidos, a valoración urxente das lesións, da violencia de xénero e a asistencia as vítimas de agresión sexual e no ámbito da patoloxía forense os levantamentos de cadáver.

As actuacións de **garda do servizo de clínica** ten a seguinte distribución:

TIPO DE ACTUACIÓN	A Coruña	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago	Vigo	TOTAIS
Violencia xénero urxente	249	48	131	180	160	134	151	1.053
Agresión sexual	92	19	52	75	65	70	170	543
Valoración detidos	1	1	3	7	2	0	4	18
Recollida de mostras	5	2	1	6	0	22	15	51
Imputabilidade	24	3	12	10	17	16	45	127
Determinación drogas	2	2	4	4	0	25	98	135
Valoración dano corporal	70	31	40	57	27	74	77	376
Outros	14	2	7	13	14	29	2	81
<b>TOTAIS por SUBDIRECCIÓN</b>	<b>457</b>	<b>108</b>	<b>250</b>	<b>352</b>	<b>285</b>	<b>370</b>	<b>562</b>	<b>2.384</b>

Realizáronse **1.463** levantamentos de cadáver que se distribúen por subdirección como se amosa neste gráfico:



Polo tanto, ao longo deste ano fixérонse un total de **3.847** actuacións de garda, das cales, **2.006** exixiron o desprazamento fora de sede dos médicos forenses.



## Dixitalización e Novas tecnoloxías

A lexislación vixente establece como obriga un avance da dixitalización da actividade dos operadores de xustiza. No Imelga, como órgano técnico ao servizo desta Administración, e continuando co traballo iniciado no 2023, acometemos as seguintes actuacións:

- O 1 de xaneiro comezou a funcionar o **Libro de autopsias dixital**, que permite realizar toda a actividade documental do servizo de patoloxía ao través do aplicativo Simelga. Iso permitiu vinculalo ao INE ao través do Robot INE, e evitar a duplicidade de rexistro e enviar en tempo real a información necesaria das mortes xudiciais investigadas.
- Tamén permitiu obter as estatísticas do servizo amosadas nesta memoria.
- Desenvolveronse no aplicativo Simelga as **melloras para a realización dos informes de avaliación de dano corporal** adaptado ao recollido na Lei 35/20215. Previo a súa implantación, fixérонse sesións de formación ao longo do mes de decembro de 2024.
- Desenvolvimos e implantamos **o módulo de citacións**, que fixo máis eficiente o manexo das axendas periciais e a emisión destas citas por parte do persoal dos corpos xerais de xustiza que forman parte das nosas oficinas.
- Para mellorar a actividade dos equipos psicosociais e manter a confidencialidade dos peritados, desenvolvimos **o módulo Interconsulta Ianus** para realizar o intercambio de información dentro do propio aplicativo Simelga.
- Iniciamos o **programa piloto de implantación do Visor EXE** na Subdirección de Ourense, destinado a axilizar as comunicacións cos xulgados e tribunais coa finalidade de ampliarlo a todo o Imelga no próximo ano.
- Comezou o desenvolvemento do **módulo exames complementarios** coa finalidade de dixitalizar a relación cos nosos laboratorios de referencia.



## Proxectos de innovación

A Robotización do intercambio de datos co Instituto Nacional de Estatística (INE) recibiu o primeiro premio de innovación en decembro do ano 2024 á temática máis innovadora concedido pola Axencia Galega de Innovación-GAIN, xunto cos técnicos de Amtega responsables do desenvolvemento da ferramenta dixital.

A plataforma de robotización con IA permítenos tamén o intercambio con entidades coas que se asinaron convenios ou acordos de colaboración, como a Dirección General de Tráfico (DGT) e o Sergas.

Iniciamos este ano a **aplicación da tecnoloxía de xeoreferenciación aos nosos datos**, como se amosa nesta memoria, coa que achegamos a visualización dos datos obtidos no mapa da nosa comunidade autónoma, eliximos para facelo algunas das nosas actuacións con maior interese social.

Nesta primeira aproximación utilizamos a distribución por partidos xudiciais, pois facer unha análise con esta tecnoloxía pode ser útil para a realización de estudos que aporten valor social, fundamentalmente en materia de prevención de todo tipo de accidentes, conductas suicidas e violencia contra a muller, na nosa faceta de investigación e colaboración coas diferentes administracións que traballamos para evitá-las.

## Colaboracións inter-institutionais

### Sergas:

- **Acordo marco de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, en materia de violencia ou agresión sexual, e para a realización de outras actividades de interese sanitario**, asinado no mes de xullo do 2024.

O convenio vai potenciar a nosa colaboración co Sergas en materia de violencia ou agresión sexual, incluíndo a violencia na infancia e adolescencia, na elaboración dos protocolos, e a formación específica e multidisciplinar dos profesionais do Sergas neste ámbito. Inclúense a automatización do intercambio de datos en materias como a prevención de suicidios ou as mortes como consecuencia de reaccións adversas a drogas de abuso, a xestión dos certificados de defunción, ou na prevención da morte súbita para efectos da realización de estudos xenéticos en proxectos de investigación conxunta en materias de interese sanitario.



- **Grupo de Traballo** para o desenvolvemento do **Protocolo para a coordinación de actuacións nas defuncións e a súa certificación**, e a xeración dun documento normalizado para a comunicación das defuncións hospitalarias susceptibles de investigación xudicial, finalizado no mes de outubro do 2024.
- **Grupo de Traballo** para o desenvolvemento do **Protocolo violencia sexual na infancia e adolescencia**.

#### Axencia Galega de Emerxencias (Axega):

- Participación **no simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Lavacolla, Santiago de Compostela**, o 15 de marzo do 2024.
- Xestión da activación preventiva a través da Axencia de Emerxencias de Galicia para a posible intervención nos traballos médico legais da **DANA de Valencia** coa activación dos Protocolos de Sucesos de Víctimas Múltiples.

### Actividade docente e de investigación científica

Dentro das funcións dos institutos de medicina legal encóntrase a investigación científica, a colaboración na formación de profesionais doutras entidades e a propia formación continuada do persoal da nosa institución.

Esta actividade é coordinada pola Comisión de Formación e Investigación.

A continuación resúmese a súa actividade durante este ano.

#### Actuacións:

1. Xerar as propostas de formación continuada para os cursos do ano seguinte, o 2025, a través da Escola Galega da Administración Pública (EGAP), establecendo os programas e os directores que os xestionarán.
2. Programar e desenvolver as propostas de formación continuada anual da EGAP e do CEJ.
3. Traballar na xestión e desenvolvemento dos Convenios de colaboración docente e proxectos de investigación interinstitucionais.
4. Iniciar as actuacións para a obtención da acreditación docente MIR.

**Formación HELP especializada (UVFIs):** posta a disposición desta formación do Consello de Europa no programa Barnahus para todos os peritos destas unidades do Imelga a través da intranet.



## Colaboración docente:

**Centros de formación profesional:** recibimos alumnos de prácticas do ciclo superior de Anatomía Patológica, a través do **Convenio específico para o desenvolvemento da formación en centros de traballo:**

**Continuamos a colaboración dos anos anteriores cos seguintes centros docentes:**

- CIFP Ánxel Casal-Montealto, na subdirección da Coruña.
- IES Montecelo, na subdirección de Pontevedra.
- CIFP Manuel Antonio, na subdirección de Vigo.

**Asinamos novos convenios no 2024 cos seguintes centros docentes:**

- IES Lamas de Abade, na subdirección de Santiago de Compostela.
- CRP Fesán, na subdirección de Santiago de Compostela.
- CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel na subdirección de Ourense.

Desenvolvemento dos **Convenios de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela** relacionados coa Facultade de Medicina e a Escola Universitaria de Traballo social, para ter alumnos de prácticas curriculares e extracurriculares no curso 2024-2025.

**Colaboración noutras actividades como docentes ou divulgadores na nosa actividade:**

- **XXV Xornadas de encontro entre profesionais da Administración de Xustiza e da comunidade transplantadora.** Celebrado en Santander do 22 ao 24 de febreiro de 2023.
- Intervención no **III Foro Xuntos fronte os abusos** na mesa redonda asistencial 'Abordaxe dos ASI no sistema médico asistencial' organizado pola Consellería de Política Social. Santiago de Compostela, febreiro 2024.
- Intervención como poñente na '**Jornada de prevención y abordaje de la conducta suicida**'. Ministerio de Sanidade, Madrid, 10 de setembro 2024.
- Participación no **Consello interdepartamental de coordinación para a prevención e atención das conductas suicida do Sergas** co nomeamento dun vocal e inicio do proxecto de investigación da prevención e postvención das conductas ao través do intercambio de datos entre o Sergas e o Imelga.



## Formación continuada da EGAP:

ID 22933 **Actualización en violencia de xénero.** Celebrado o 13 e 14 de xuño do 2024

ID 22924 **Metodoloxía pericial na xurisdición social. Actualización.** Celebrado o 14 e 15 de novembro do 2024

ID 22921 **Valoración integral do dano psíquico e a súa repercusión na pericia forense.** Celebrado o 28 e 29 de novembro do 2024

## Formación continuada do Centro de Estudios Jurídicos (CEJ):

No marco do Convenio de colaboración coa nosa Comunidade Autónoma, que ten transferidas as competencias en materia de Xustiza, os médicos forenses puideron participar nos seguintes cursos na modalidade en liña:

- 2024/FC004MF '**Herramientas actuales para la búsqueda de información y el tratamiento de datos en la actividad médico-forense**'. Celebrado o 25 e 26 abril.
- 2024/FC005MF: '**Actualización en enfermedad de alzheimer y otras demencias. Aplicación a la valoración médico-forense de las medidas de apoyo a las personas con discapacidad**' Celebrado o 9 e 10 de maio.
- 2024/FC009MF: '**La asistencia a detenidos. El nuevo protocolo de Estambul y el protocolo de reconocimiento de detenidos. Protocolo de actuación forense en casos de muerte en custodia**' Celebrado o 23 e 24 de maio.
- 2024/FC006MF: '**Estadística forense avanzada**' Celebrado o 30 e 31 de maio.
- 2024/FC015MF: '**Valoración pericial de la praxis médica en la atención médica en urgencias**' Celebrado o 17 e 18 de outubro.
- 2024/FC017MF: '**Actualización en la valoración forense de la violencia contra la infancia y la adolescencia**' Celebrado o 7 e 8 de novembro.

Coa colaboración dos peritos do Imelga, desenvolvérónse **sesións clínicas en liña** para a interacción e aprendizaxe dos profesionais na mellora da súa actividade e para a transmisión das novedades técnicas e científicas:

- **Intervención forense na morte en custodia:** Verónica García Gordo.
- **Interpretación de resultados toxicológicos postmórtem:** Cristina González Saborido.



- **Medicina forense ao servicio da comunidade. Envenenamento alimentario accidental, a propósito dun caso:** Máximo Rodríguez Vázquez.
- **Capacidade de toma de decisións sanitarias:** Lidia Oubiña e Carla Sebastián.

#### Outras reunións:

**I Reunión das Unidades de Valoración Forense Integral (UVFIs) do Imelga:** celebrada no mes de decembro, coa coordinadora das mesmas estableceronse grupos de traballo para mellorar a eficiencia destes profesionais na metodoloxía uniforme de traballo, o modelo de informe a implantar a través do aplicativo Simelga, as propostas de mellora das salas Amables e a confección dunha guía de boas prácticas. O obxectivo é manter a reunión de xeito anual para a avaliación das propostas e a súa implantación nos próximos anos.

**Reunións do comité asesor do Plan de salvamento en praias de Galicia (SAPRAGA),** celebradas o 31 de maio de 2024 e o 22 de outubro do 2024.

**11ª sesión do Pleno do Consello Médico Forense,** en liña ao de 2024.

**XX reunión da Comisión Técnica Nacional para Sucesos con Vítimas Múltiples,** celebrada no Complexo Policial Canillas de Madrid. Edificio S.G. Loxística. Sala CECOR o 18 de decembro de 2024.

**Pleno ordinario da Comisión Galega de Protección Civil,** celebrado na Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) o 17 de decembro de 2024.



## En resumo

**A nosa actividade tivo un incremento notable**, continuando a tendencia dos anos precedentes, fundamentalmente debido ao aumento dun **16,8%** das solicitudes no ámbito da clínica forense respecto ao ano anterior, **relacionada coas medidas de apoio** as persoas con discapacidade, que representan o **36%** das solicitudes no campo da psiquiatría forense.

**Os solicitantes tiveron á súa disposición o informe pericial definitivo durante este ano no **81,6%** dos casos.**

**Melloramos a asistencia as vítimas más vulnerables.**

Co proxecto '**Xustiza amable**' no relacionado cos nenos, nenas e adolescentes, **duplicamos a realización de probas preconstituídas**.

Cos protocolos de asistencia as vítimas de violencia sexual, específicos do IMELGA e en colaboración coas institucións sanitarias, evitamos a revitimización e **melloramos a obtención de probas biolóxicas con seguridade científico técnica e xurídica**.

Co desenvolvemento da metodoloxía de traballo das Unidades de Valoración Forense Integral **aumentamos un 13,2% a realización das valoracións de violencia de xénero**.

**A aplicación da innovación e o desenvolvemento de ferramentas** dixitais mellorou a efectividade e o control dos tempos de execución a nivel interno. Ao mecanizar os procesos que non aportan valor somos capaces de ampliar o tempo dos peritos dedicado a realizar a súa actividade específica.

**Por outra banda, a dixitalización permítenos obter más cantidade de datos, que son de gran interese tanto interno como externo.**

Con estes datos **continuamos innovando, e iniciamos o proceso para amosalos de xeito xeoreferenciado**, favorecendo a nosa dimensión social e a colaboración con diferentes entidades públicas na prevención e mellora en campos tan importantes como o da violencia sobre a muller, a saúde mental ou a prevención dos accidentes de tráfico mortais.

Continuamos comprometidos coa **formación continuada** dos nosos profesionais de cara a mellorar as súas competencias e **facilitamos a formación dos futuros profesionais relacionados co Imelga** no ámbito da formación profesional e a Universidade, así **como participamos na divulgación dos nosos coñecementos** en actividades de diferentes entidades públicas e privadas que nos requiren.

